

Unidade 12. Que é esa cousa de aí?

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

O espello sabio

Para saber como ían ser de maiores, o primeiro dos irmáns mirouse no espello. E mirou un futbolista guapo e riseiro firmando autógrafos nos arredores dun estadio.

Toda a familia se alegrou porque era o que mais anhelaba o irmán máis vello.

Deseguido, mirouse no espello o irmán mediano. E viu que era un guitarrista que conmovía coa súa música á xente.

E toda a familia celebrouno con el, porque ser guitarrista era o que máis lle gustaba ao irmán mediano.

Logo lle tocou a quenda ao irmán menor. E no espello reflectiuse un home pálido, que se oculta nas sombras coma un ladrón.

E toda a familia quedou consternada, porque estaba convencida de que o espello nunca se equivocaba.

Construírao o inventor cincuenta anos antes. E desde entón os nenos e nenas non se teñen que molestar en planear o futuro.

O irmán mais vello comezou a adestrar. O mediano dedicouse con toda a súa alma a estudar música e, mentres tanto, que facía o pequeno? Pois dispoñer dos patíns alleos como se foran propios e estrear as botas antes de compralas.

O irmán pequeno ía sentíndose cada vez máis triste.

Ata que unha tarde oíu falar a uns mariñeiros do neto do inventor e dun espello. E dun espello que acaba de fabricar cen mil veces máis fiel ca o do seu avó. Era tan difícil de atopar que tiña que imaxinarse arriando velas na cuberta dun barco. E é así como o encontrou o irmán pequeno, mirándose nun espello insignificante colgado nun cravo.

—Ese espello —indicoulle— é cen veces máis sabio ca o do teu avó?

—E cen veces máis fiel — respondeu o neto afablemente — porque no seu só te ves por fóra. E neste podes ver como es por dentro.

—E eu como son? —preguntou o pequeno un pouco asustado.

—Mírate no espello e saberalo.

Púxose de puntillas para mirarse dentro. E viu un home honrado contento da súa sorte.

—Ese es ti verdadeiramente — sinalou o neto do inventor.



Pilar MATEOS

Unidade 12

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Relaciona.

Espello do avó.
Espello do neto.

Reflicte o exterior das persoas.
Grande.
Reflicte como son as persoas por dentro.
Insignificante e pequeno.



2. Os irmáns querían ser algo na vida, o que?

• O irmán máis vello:

• O irmán mediano:

• Era o que o espello mostraba? _____

3. Que significa que o irmán pequeno dispoñía dos patíns alleos como se foran propios?

4. Por que cres que se sentía triste o irmán menor?

5. Sabes o que queres ser de maior?

Unidade 12

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Busca e escribe o significado das seguintes palabras.

- Alias: _____
- Alcuño: _____
- Alcumar: _____

7. Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividades anterior.

- _____
- _____
- _____

8. Divide estas palabras en sílabas e clasifícaaas segundo o número de sílabas

- Alias: _____
- Alcuño: _____
- Alcumar: _____

9. Subliña os alcumes que atopas nestes poemas.

«Cara de pote fendido»
ten d´alcume;
mellor que descolorido
quero tostado de lume.

Rosalía DE CASTRO

...vou coidar da miña casa
pois non quero andar en contos,
nin que me chamen farsante,
chafulleiro, codicioso,
nin outros feos alcumes,
nin que me teñan por tolo.

Vicente DE TURNES

10. Inventa dous alcumes para este personaxe.



Unidade 12

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Le este manual de instrución dun microondas.

- 1.- Premer o botón ABRIR da porta
 - 2.- Introducir o alimento nun recipiente exclusivo para microondas.
 - 3.- PECHAR a porta.
 - 4.- MARCAR o tempo necesario para ese alimento.
 - 5.- Premer o botón de START.
 - 6.- Abrir a porta e sacar o alimento.
- Atención: Non introducir elementos de metal dentro do aparato.

12. Contesta.

- Para que se usa un microondas?

13. Escribe o manual de instrucións da túa videoconsola.
